

FESTA DE NADAL NO COLEXIO



Bye Bye Cole novo.

A pesar das **reiteradas promesas** e compromisos adquiridos pola Consellería de educación da Xunta e mesmo **do propio presidente Feijoo**, os orzamentos da Xunta para este ano foron **totalmente desalentadores** para o futuro do colexio novo.

A cantidade asignada nos orzamentos do 2013 inclúen unha partida para a construción do colexio novo de **só 100.000€**. Cantidade claramente insuficiente tendo en conta que o custo da obra **supera os 3.500.000 €**. Con esta cantidade asignada non veremos o colexio novo no 2013 nin no 2014 e mesmo **se pon en dúbida que se faga realidade** algún día.

Agora durante o mes de xaneiro e febreiro os orzamentos pasan polo trámite do parlamento onde **se poderán realizar modificacións** ás partidas asignadas.

Dende a ANPA estámonos a reunir con todos os partidos políticos presentes no parlamento Galego para volver expoñer os nosos argumentos e explicar que a situación de masificación que leva sufrindo dende hai varios anos o noso colexio chegou a ser insostible, polo que **non se pode volver aprazar a construción** do colexio novo e é imprescindible ampliar a cantidade económica asignada nos orzamentos para que se garanta a construción do colexio novo no 2013.


Non esquezamos que foi en **febreiro do 2007** cando o pleno municipal acordou expropiar os terreos para o colexio novo e que dende aquela data se foron acumulando atrasos tras atrasos **ata sumar 6 anos**.

Dende a ANPA imos facer una **campaña de presión** para que se modifiquen os orzamentos. Agardamos que **nos apoiades** e axudedes nas iniciativas que vaimos poñendo.

COLE NOVO XA – NON A MASIFICACIÓN

Boletín para os pais/nais

XANEIRO 2013



ANPA Brigantium

**O NOVO COLEXIO
SAIU VOANDO**

<http://anpabrigantium.blogaliza.org/>

facebook: [anpabrigantium](#)

anpabrigantium@gmail.com



CONCELLO DE BETANZOS
CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN

Entrega carnés de socios/as 2012-13

A ANPA procedeu estes días ao reparto dos carnés entre os seus socios, que lles permitirán acceder aos descontos das tendas colaboradoras ACEBE, ademais de servirllle como acreditación, se fose necesario, para calquera evento ou actividade extraescolar organizada por esta ANPA.

Os carnés distribuíronse nun sobre a través dos vosos fillos/as. Se algún socio **non o recibiu** que se poña en contacto con nós.

ACTIVIDADES CON PRAZAS LIBRES

A partir do mes de Xaneiro, pódense realizar inscricións **nas actividades con prazas libres**.

Anímade ós vosos fillos a anotarse en: **baloncesto** (5 - 12 anos), **patinaxe** (3 - 12 anos), **fútbol sala** (10-12 anos), **firo con arco** (6-12 anos), **psicomotricidade** (3 - 6 anos), **banda de música** (8 - 12 anos) e **teatro** (3 - 12 anos).

Dende a **directiva da ANPA**, queremos **recomendarvos** especialmente as actividades artísticas:

Teatro: pensado para que descubran o mundo do teatro a través dos xogos, potenciando a creatividade, a capacidade de concentración e a expresión corporal, traballando con caretas, maquillaxe, conta contos, ...

Banda de música: tocar un instrumento musical en grupo é unha actividade moi enriquecedora e gratificante que favorece o desenvolvemento da concentración, a memoria, a creatividade e a sensibilidade.

Só lle tedes que solicitar a follla de inscrición ós monitores da actividade na que queirades inscribir ós vosos fillos.

SOCIOS ANPA → 50€/ cada actividade

NON SOCIOS → 70€/ cada actividade

Pago 2º prazo Actividades extraescolares 20 de xaneiro é a data límite

Todos aqueles pais que optaran polo pago fraccionado das actividades extraescolares, deberán **proceder ao abono** do segundo prazo, antes do 20 de xaneiro de 2013.

SOCIOS ANPA = 30€/ cada actividade

NON SOCIOS = 40€/ cada actividade

O pago débese facer na conta bancaria da ANPA Brigantium, **indicando, no concepto**, o nome do neno/a e a actividade na que está inscrito

No. de conta ANPA Brigantium:

BANCO	0072	0130	60	0000104629
PASTOR				

Recollidas 2.413 firmas contra a lei WERT:

O pasado mes de Decembro A CEAPA (Confederación de pais e nais de alumnos) pediu a colaboración de todas as ANPAS para recoller firmas en **contra do anteproxecto da LOMCE** (máis coñecida como Lei Wert).

Agradecemos o esforzo e colaboración de todos os pais por conseguir o máximo número de firmas. Tamén dar as **grazas ás 2143 persoas** que nos deron o seu apoio coa súa firma.

Dende a ANPA Brigantium seguimos manifestando o noso **desacordo coa Lei Wert**, tal e como vimos manifestando en anteriores ocasións, debido a que ataca duramente ao Ensino Público, é profundamente antidemocrática e **vira as costas a toda a comunidade educativa**. Seguiremos loitando contra todo aquilo que atente contra o Ensino Público.

REFORMA COMPLETA DOS BAÑOS DO COLEXIO

Dende os anos 70 que se inaugurou o Vales Villamarín, no seu edificio principal non se fixo **ningunha reforma** digna dese nome. Despois de 40 anos de continuo uso, durante este Nadal por fin se iniciou a reforma longamente esperada dos baños.

A obra consiste na **reforma integral** dos baños do noso colexio e inclúe substituír todos os sanitarios, chans, portas, azulexos, canalizacións e desaugadoiros quedando **uns baños totalmente novos**.

Esta obra era **un dos compromisos** adquiridos pola Consellería de educación da Xunta en contrapartida por non colocar os barrancóns. Temos que destacar que ata agora tanto a consellería coma o concello están **a cumprir con todos os compromisos** adquiridos coa dirección do colexio e a ANPA neste asunto.

Debido á **complexidade e alto custo** que supón a reforma total de todos os baños do colexio a obra divídese en dúas fases.

A primeira fase, **cun presuposto de 60.000 €**, iniciouse durante estas vacacións do Nadal e estase a **realizar a reforma** completa dos seis baños dun dos bloques do colexio. Os seis baños do outro bloque reformaríanse nunha segunda fase máis adiante.

A obra **non rematou a tempo** para a reincorporación dos nenos en xaneiro polo que durante un tempo convivirán coa reforma. Molestias que consideramos totalmente asumibles, tomando en conta **as grandes melloras** que se obterán unha vez concluída a obra